



àrea de educación **concello de vigo**

**e-trad**

escola de música folk e tradicional

CONVOCATORIA CURSO 2011-2012

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

## Esquema

### **Oferta educativa e programas:**

1. Formación Instrumental
  - 1.1. Especialidades
  - 1.2. Itinerarios
  - 1.3. Actividades extraescolares e complementarias
2. Agrupacións en Aula Aberta. Práctica da música.  
Programas específicos. Táboas e descrición.
3. Programas de divulgación  
Programas específicos. Táboas e descrición.
4. Programas de cooperación  
Programas específicos

### **Normativa e procedementos.**

1. Preinscrición.
  - 1.1. Itinerario Básico
  - 1.2. Itinerario Profesional
  - 1.3. Aula Aberta
2. Admisión.
  - 2.1. Itinerario Básico
  - 2.2. Itinerario Profesional
  - 2.3. Aula Aberta
3. Matrícula.
  - 3.1. Itinerario Básico
  - 3.2. Itinerario Profesional
  - 3.3. Aula Aberta
4. Ratios e avaliación
  - 4.1. Itinerario Básico
  - 4.2. Itinerario Profesional
  - 4.3. Aula Aberta
5. Tutorías e orientación
6. Calendario escolar
7. Motivos para causar baixa no centro

Anexo I. Horarios lectivos

Anexo II. Horarios profesores.

Anexo III. Convocatoria de prazas

## **Oferta educativa e programas**

# 1. Formación Instrumental

## 1.1. Especialidades

---

**Acordeón diatónico** (Itinerario Básico e Profesional I)

**Arpa Céltica** ( Itinerario Básico e Profesional I e II)

**Canto Popular** ( Itinerario Básico e Profesional I e II)

**Corda Pulsada** ( Itinerario Básico)

**Gaita** ( Itinerario Básico e Profesional I e II)

**Percusión** ( Itinerario Básico e Profesional I e II)

**Requinta e Frauta** (Ciclos Itinerario e Profesional I e II)

**Violín Folk**( Itinerario Básico e Profesional I e II)

**Zanfona** ( Itinerario Básico e Profesional I e II)

## 1.2. Itinerarios

---

Nivel Básico (3 cursos)

Materia                      horas anuais

CURSO 1º  
INSTRUMENTO 1      34

CURSO 2º  
INSTRUMENTO 2      34  
CONXUNTO DE 2º      34

CURSO 3º  
INSTRUMENTO 3      34  
CONXUNTO DE 3º      34

Nivel Intermedio Instrumentista (3 cursos)

CURSO 1º		
ESPECIFICAS	INSTRUMENTO 1	34
	ORGANOLOXÍA	17
TRONCAIS	LINGUAXE MUSICAL 1	34
	RITMOS E XÉNEROS DA MÚSICA TRADICIONAL. I	34
	TRADICIÓN E CICLO ANUAL	34
COMPLEMENTARIAS	CURSIÑOS DE CURTA DURACIÓN	34

CURSO 2º		
ESPECIFICAS	INSTRUMENTO 2	34
	CONXUNTO DE 2º	34
TRONCAIS	LINGUAXE MUSICAL 2	34
	HISTORIA DA MÚSICA GALEGA	34
	HISTORIA XERAL DA MÚSICA	34
COMPLEMENTARIAS	CURSIÑOS DE CURTA DURACIÓN	34

CURSO 3º		
ESPECIFICAS	INSTRUMENTO3	34
	CONXUNTO DE 3º	34
TRONCAIS	POLIFONÍA	34
	DANZA I	34
COMPLEMENTARIAS	INFORMÁTICA MUSICAL	34

#### Nivel Avanzado Mestre (3 cursos)

CURSO 1º		
ESPECIFICAS	INSTRUMENTO 4	34
	CONXUNTO DE 4º	34
TRONCAIS	RITMOS E XÉNEROS DA MÚSICA TRADICIONAL. II	34
	ETNOMUSICOLOXÍA	34
COMPLEMENTARIAS	SONORIZACIÓN E GRAVACIÓN	34

CURSO 2º		
ESPECIFICAS	INSTRUMENTO 5	34
	CONXUNTO DE 5º	34
	SEGUNDO INSTRUMENTO 1	34
TRONCAIS	INSTRUMENTO ACOMPAÑANTE 1	34
	ANÁLISE E HARMONÍA	34
	DANZA II	34

CURSO 3º		
ESPECIFICAS	SEGUNDO INSTRUMENTO 2	34
	INSTRUMENTO ACOMPAÑANTE 2	34
TRONCAIS	PERCUSIÓN	34
	PRÁCTICA PEDAGÓXICA	34
COMPLEMENTARIAS	PROPIEDAD INTELLECTUAL	34
	INDUSTRIA MUSICAL E EMPRESA	34

O itinerario preparatorio profesional admite mozos dende os 15 anos de idade cumpridos antes do 31 de Decembro de 2011. O itinerario Básico e programas C1, C2, C3 e C4

### 1.3. Actividades extraescolares e complementarias

Paralelamente á formación especializada, o programa de actividades extraescolares ofrecerá un calendario de actuacións variadas que abranguen:

- Audicións dos alumnos, dúas por tempada escolar e por especialidade.
- Cursiños de duración variable, realizados polo profesorado da escola e dirixidas a alumnado e público en xeral, dependendo das prazas que non se cubran.
- Actos de presentación de libros, edicións discográficas, etc
- Actuacións de carácter voluntario de grupos e solistas que así o demanden. Ademais, os conxuntos instrumentais dos itinerarios formativos prepararán un concerto de Nadal e un concerto de fin de curso.

A programación xeral será presentada no mes de Setembro 2011.

## 2. Agrupacións en Aula Aberta

### 2.1. Programas específicos. Táboas e descrición.

Actividades de práctica musical en grupo, abertas a todos os interesados, coa duración dun curso escolar e destinadas exclusivamente á interpretación da música en colectividade sen intención escénica. Cada unha delas presenta diferentes requisitos e admiten aos participantes que o soliciten en función do espazo disponible, independentemente de que estean matriculados ou non en algun itinerario formativo da Escola. Son os seguintes:

Nome	Descrición	Admisión máxima	Requisitos
Conxunto Instrumental	Grupo multiinstrumental compartido con Conxunto Básico de 3º curso	10 compoñentes por sección: acordeóns diat., arpas, requintas, violíns, percusión, voces, zanfonas, corda pulsada, gaitas	Aportar instrumento propio. Posuír un dominio elemental demostrable da técnica. Ser maior de 9 anos
Aula Aberta de Zanfona	Grupo de zanfonas	10 zanfonas	Aportar instrumento propio. Posuír un dominio elemental demostrable da técnica. Ser maior de 9 anos
Aula Aberta de Requinta	Grupo de Requintas e frautas de madeira	10 Frautas	Aportar instrumento propio. Posuír un dominio elemental demostrable da técnica. Ser maior de 9 anos
Aula Aberta de Arpa	Grupo de Arpas	10 arpas	Ter instrumento propio. Posuír un dominio elemental demostrable da técnica. Ser maior de 9 anos
Aula Aberta de Acordeón Diat	Grupo de acordeóns diatónicos	8 acordeóns	Ter instrumento propio. Posuír un dominio elemental demostrable da técnica. Ser maior de 9 anos
Banda de Gaitas	Grupo de gaitas e percusións	16 gaitas, 2 tambores, 1 bombo, 1 pandeireta	Ter instrumento propio. Posuír un dominio elemental demostrable da técnica.

			Ser maior de 9 anos
Coro	Agrupación de voces	30 voces	Habilidade elemental para o canto coral. Ser maior de 9 anos
Grupo Pandereteiras	Agrupación de canto tradicional e percusión	15 voces	Habilidade demostrable para tocar e cantar ao mesmo tempo. Ser maior de 9 anos
Conxunto Corda Frotada	Agrupación de instrumentos de corda frotada: violíns, viola, cello e contra baixo	12 violíns, 6 violas, 3 cellos, 1 contra baixo	Dominio elemental da técnica en primeira posición e arco.

### 3. Programas de divulgación

#### 3.1. Programas específicos. Táboas e descrición.

Programas enfocados á difusión das actividades da escola e en xeral da música de tradición oral e folk de Galicia, tanto no ámbito da cidade como na comunidade autónoma, estatal e internacional.

Programa	Descrición	Participan	Actividades
De Ruada	Actividades da e-Trad en espazos públicos: aulas abertas, participación en celebracións da cidade.	Profesores e alumnado da e-Trad	Clases en público, Rancho de Reis, comparsa de Antroido, Reconquista, Maios
Ciclos divulgativos nas escolas "Tocar é Sentir"	Participación no ciclo de divulgación en centros escolares promovido polo Servizo de Educación	Profesores da e-Trad	Concertos didácticos en CEIP e IES
A e-Trad en Rede. Imaxe corporativa.	Renovación da imaxe corporativa. Creación dun novo espazo Web	Empresa concesionaria GREDA	Encarga e financiación dun deseño corporativo e manual de utilización. Novo espazo web
Ensino a distancia e-Learning	Proxecto piloto para a estimación das posibilidades do ensino en liña a distancia	Profesor da e-Trad	Iniciación de clases de zanfona e canto con alumnos desprazados en América e Europa
Orquestra Folk Sondeseu	Preparación de repertorio, concertos e gravacións da Orquestra	Profesores da e-Trad. Membros da orquestra.	Ensaio semanais, concertos e gravacións
Tradurban 11-12	Concertos mensuais dos alumnos de 2º curso do itinerario profesional mestre	Alumnos de 2º curso do itinerario profesional mestre	Concertos ofertados polo Servizo de educación a centros sociais e veciñais da cidade

## **4. Programas de cooperación**

### **4.1. Programas específicos. Táboas e descrición.**

---

ENFO	Proxecto Europeo financiado pola EACEAC para a relación de escolas e agrupacións folk europeas
Community Music	Actividade de formación permanente do profesorado en colaboración coa casa de Música de Porto
Mediateca	Programa de organización en liña dos materiais audiovisuais e bibliográficos xenerados pola actividade no centro e utilizados nas actividades. Publicación de cadernos de repertorio.
Fundación Menela	Programa de animación e creación musicoterapéutica coa Fundación Menela dirixido a nenos con autismo.
Ciclo Músicas Inmigradas	Programa de coñecemento mutuo a través da música en colaboración con asociacións de inmigrantes.



## **Normativa e procedimentos**

## **1. Preinscrición.**

### **1.1. Itinerario Básico**

---

O período de preinscrición por Internet para o itinerario Básico abrangue dende o 10 de Xuño ata o 9 de Setembro de 2011. A preinscrición en persoa poderá facerse na secretaría da E-Trad, rúa García Barbón, 5, entre o 10 e o 30 de Xuño e entre o 1 e o 9 de Setembro en horario de 11 a 14 horas.

Para facer efectiva a súa preinscrición os interesados cubrirán o formulario que atoparán na web [www.e-trad.org](http://www.e-trad.org), no que obterán un número de rexistro ou na secretaría, onde se lles proporcionará un resgardo da súa inscrición.

Poden ser inscritas todas as persoas que o desexen. A idade mínima de admisión é de 9 anos cumpridos antes do 31 de Decembro de 2011.

### **1.2. Itinerario Profesional**

---

O período de preinscrición por Internet para o itinerario Profesional abrangue dende o 10 de Xuño ata o 9 de Setembro de 2011. A preinscrición en persoa poderá facerse na secretaría da E-Trad, rúa García Barbón, 5, entre o 10 e o 30 de Xuño e entre o 1 e o 9 de Setembro en horario de 11 a 14 horas.

Para facer efectiva a súa preinscrición os interesados cubrirán o formulario que atoparán na web [www.e-trad.org](http://www.e-trad.org), no que obterán un número de rexistro ou na secretaría, onde se lles proporcionará un resgardo da súa inscrición.

Poden ser inscritas todas as persoas que o desexen. A idade mínima de admisión é de 15 anos cumpridos antes do 31 de Decembro de 2011.

### **1.3. Aula Aberta**

---

Para preinscribirse nas actividades de agrupacións en Aula Aberta é necesario facelo presencialmente na secretaría da e-Trad. O prazo estará aberto dende o 3 ao 15 de outubro, de 16h. a 19h. Os solicitantes presentarán o seu DNI no momento da preinscrición. A idade mínima para a preinscrición é de 9 anos. Os menores de idade necesitarán a autorización do seu titor.

## **2. Admisión.**

### **2.1. Itinerario Básico**

---

As preinscricións serán numeradas en orde de chegada. As listas de preinscritos serán publicadas na web da e-Trad e no taboleiro de anuncios, permanecendo expostas do día 12 ata o 14 de setembro. Durante ese tempo se admitirán a trámite as reclamacións oportunas.

1. No suposto de que o número de solicitantes sexa superior ao número de prazas vacantes, o día 14 de setembro pola mañá farase un sorteo público que rexerá conforme ao seguinte:

2. Terá carácter público e será presidido por unha mesa composta por:

- Director da E-Trad ou persoa na que delegue
- Secretario da E-Trad
- Un funcionario adscrito ao Servizo de Educación nomeado polo Xefe do Servizo.

3. Procederá a sacar do bombo dúas bólas. Cada unha das bólas corresponderá a unha letra. A orde das bólas extraídas determinará as dúas primeiras letras do apelido co que se iniciará da lista de admitidos. Farase un sorteo por cada unha das especialidades.

4. O Secretario levantará acta do resultado do sorteo, que será exposta no Taboleiro e na web da E-Trad

5. Os listados do sorteo serán, a tódolos efectos, considerados, pola orde resultante, como listas de reserva para o caso de que, ao longo dos dous primeiros meses do curso, se producisen baixas no alumnado matriculado.

As listas de admitidos no sorteo serán publicadas o día 16 de setembro e permanecerán expostas na web e no taboleiro.

### **2.2. Itinerario Profesional**

---

Para o proceso de admisión de preinscricións no itinerario Profesional Instrumentista será o mesmo que o previsto para o itinerario Básico así como os prazos respectivos. Non así o modelo de formulario, que será específico. As listas de preinscritos serán publicadas na web da e-Trad e no taboleiro de anuncios, permanecendo expostas do día 12 ata o 14 de setembro. Os aspirantes a unha das prazas convocadas neste itinerario deberán someterse a un test de aptitudes musicais e a unha entrevista co mestre da especialidade escollida. En función do resultado do test e a entrevista, cada mestre decidirá ou rexeitará a admisión do aspirante. O test realizarase o 14 de setembro e a entrevista será concertada cos aspirantes para os días 14 ou 15 de setembro. O día 16 de setembro se publicarán as listas de admitidos para a formalización da matrícula. No caso no que o número de solicitantes que, a xuízo do mestre, podan resultar aptos para a matrícula sexa superior ás prazas convocadas, se confeccionará unha lista de espera.

### **2.3. Aula Aberta**

---

A admisión nas agrupacións en Aula Aberta se realizarán por orde de chegada das solicitudes ata agotar as prazas convocadas en cada modalidade ou instrumento. No caso de rexistrarse un número de solicitudes superior ás prazas ofertadas, se elaborará unha lista de espera.

## **3. Matrícula.**

### **3.1. Itinerario Básico**

---

Os alumnos favorecidos no sorteo deberán facer efectiva a súa matrícula cubrindo o impreso que a tal fin se lles proporcionará na oficina da e-Trad. O prazo de formalización comezará o 19 e rematará o 23 de Setembro. A oficina estará aberta de 10 a 14 e de 16 a 20 horas durante esa semana. Os interesados acudirán provistos do DNI e autorización do seu titor legal en caso de minoría de idade. A non formalización da matrícula ou a non asistencia inustificada a clase durante as tres primeiras semanas provocará a perda do dereito a matrícula e a substitución polo seguinte posto da lista de espera. O alumnado da E-Trad poderá estar matriculado como máximo en dúas especialidades ao mesmo tempo, sempre que sexa en cursos diferentes e non haxa coincidencia horaria.

### **3.2. Itinerario Profesional**

---

Os alumnos admitidos deberán facer efectiva a súa matrícula cubrindo o impreso que a tal fin se lles proporcionará na oficina da e-Trad. O prazo de formalización comezará o 19 e rematará o 23 de Setembro. A oficina estará aberta de 10 a 14 e de 16 a 20 horas durante esa semana. Os interesados acudirán provistos do DNI e autorización do seu titor legal en caso de minoría de idade. A non formalización da matrícula ou a non asistencia inustificada a clase durante as tres primeiras semanas provocará a perda do dereito a matrícula e a substitución polo seguinte posto da lista de espera. O alumnado da E-Trad poderá estar matriculado como máximo en dúas especialidades ao mesmo tempo, sempre que sexan en cursos diferentes e non haxa coincidencia horaria.

### **3.3. Aula Aberta**

---

O día 16 de outubro expoñeranse na web e no taboleiro da e-Trad as listas de admitidos nas agrupacións en Aula Aberta. Para estas actividades non será necesaria a formalización da matrícula. A non asistencia inustificada á actividade durante as tres primeiras semanas provocará a perda do dereito a inscrición e a substitución polo seguinte posto da lista de espera.

## **4. Ratios e avaliación**

### **4.1. Itinerario Básico**

---

Para o Itinerario Básico a ratio profesor-alumnos segundo especialidades será a seguinte: Zanfona, Acordeón Diatónico, Corda Pulsada: 1 a 6, máximo 6 alumnos por grupo, Violín Folk, Gaita, Arpa e Requinta: 1 a 7, máximo 7 alumnos por grupo. Canto Popular 1 a 15, máximo 15 alumnos por grupo.

Percusión: 1 a 12, máximo 12 alumnos por grupo.  
Se aplicará o método de avaliación continua en todas as especialidades.

## **4.2. Itinerario Profesional**

---

Para o Itinerario Profesional, graos Instrumentista e Mestre, a ratio se limita a 1 a 3, máximo 3 alumnos por grupo, en todas as especialidades.

Se aplicará o método de avaliación continua en todas as especialidades e itinerarios, coa seguintes excepcións:

- Alumnos que en opinión dos profesores deban estar en outro nivel superior ao primeiro dos Itinerarios Básico e Instrumentista, poderán ser promocionados ao seguinte nivel sen necesidade de avaliación. Nese caso cubriráse a praza activando a lista de espera.
- Alumnos do Itinerario Profesional que documenten impedimento laboral ou de saúde para asistir ás clases de materias troncais poderán ser sometidos á proba de avaliación ao final do curso.
- Alumnos do Itinerario Profesional que se sintan con coñecementos dabondo para aprovar as materias troncais poderán someterse a unha proba de avaliación ao comezo do curso. No caso de resultar satisfactoria, a materia figurará no seu expediente como aprobada.
- Alumnos do Itinerario Profesional, grao Instrumentista que, tendo aprobadas todas as materias específicas, trocais e complementarias correspondentes ao grao, desexen optar á matriculación no grao mestre no seguinte curso, deberán someterse á proba de nivel cuxo contido e características se comunicarán coa antelación necesaria aos interesados.

## **4.3. Aula Aberta**

---

As actividades comprendidas neste apartado non se consideran destinadas especificamente á formación. A avaliación será global dos resultados finais en base aos obxectivos marcados. Os participantes nas actividades deberán asumir o compromiso da asistencia e o seguimento das indicacións e as directrices dos responsables do programa.

## **5. Tutorías e orientación**

---

Cada alumno dos programas de formación no itinerario profesional terá asignado un titor ao que poderá consultar todo tipo de dúbidas no horario destinado a ese fin. O titor orientará ao alumno durante o período da súa permanencia na Escola. No caso en que o alumno sexa menor de idade, o titor informará periodicamente aos pais ou responsables legais dos nenos e mozos da marcha dos seus estudos e o seu rendemento e velará pola súa asistencia ás clases.

## Plan de titorías:

Matriculados en	Titor	Horario titoría	
Gaita	Xaquín Xesteira	Martes, de 21 a 22 h	
Zanfona	Xaquín Xesteira	Martes, de 21 a 22 h	
Percusión	Xaquín Xesteira	Martes, de 21 a 22 h	
Arpa	Rodrigo Romaní	Martes, de 21 a 22 h	
Violín	Rodrigo Romaní	Martes, de 21 a 22 h	
Canto	Rodrigo Romaní	Martes, de 21 a 22 h	
Acordeón	Xaquín Xesteira	Martes, de 21 a 22 h	
Requinta	Rodrigo Romaní	Martes, de 21 a 22 h	

## **6. Motivos para causar baixa no centro**

En tanto non entre en vigor o Regulamento Interno da E-Trad, serán causas de baixa no centro:

- a) Por renuncia expresa do interesado
- b) Por non presentárense ó terceiro día de clase, despois da apertura oficial do curso, de non mediar unha xustificación previa por asunto grave ou transcendente.
- c) A inasistencia ás clases, sen causa xustificada, durante catro xornadas ininterrompidas.
- d) Os alumnos/as que aínda por causa xustificada faltasen 10 ou máis horas lectivas das materias de cada curso anual.
- e) Pola comprobación da falsidade nos documentos ou datos achegados coa solicitude ou a matrícula

f) Pola incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro.

2. As baixas motivadas polo establecido na línea f) resolveráas o Xefe de Servizo de Educación, tras informe proposta da Dirección da Escola, unha vez dada audiencia ao alumno/a interesado/a, e tralo informe técnico do profesor titular da especialidade e do Xefe de Estudos. Contra a Resolución caberá poñer recurso de reposición perante a Concelleira de Educación.

3. Nos demais supostos aprobarase a baixa por resolución da Dirección do Centro, tras o informe proposta da Xefatura de Estudos.

4. As baixas producidas ao longo do primeiro trimestre do curso escolar, por calquera dos motivos anteriormente expostos, cubriránas as/os solicitantes que figuren en lista de espera.

5. Consideraranse faltas por causa xustificada aquelas nas que o alumno/a acredite mediante documentación fidedigna a concorrencia dun asunto grave ou transcendente que imposibilitase a asistencia. Será competencia do xefe/a de estudos, co visto e prace do Director/a, a calificación da falta como xustificada, á vista da documentación presentada.

6. Agás no suposto a) e f) do apartado 1, o procedemento para dar de baixa a un alumno será o seguinte:

- Informe do xefe de estudos dirixido á Dirección
- Notificación ao/á interesado/a
- Pasados tres días dende o envío da notificación, se esta non foi recibida, notificarase por medio do taboleiro de anuncios oficial da Escola.
- Nos tres días seguintes aos da notificación, o/a interesado/a poderá presentar as alegacións que considere oportunas, que en todo caso, deberán vir acompañadas da documentación fidedigna pertinente.
- Resolución de baixa definitiva ou aceptación das alegacións presentadas. O segundo suposto deberá vir acreditado por informe da xefatura de estudos.

7. O alumnado que causara oficialmente baixa nun curso escolar, como consecuencia de ter

sobrepasado o límite fixado das 10 horas de faltas de asistencia, poderá repetir o curso no ano lectivo seguinte, sempre e cando existan vacantes dispoñibles no nivel de referencia. Esta norma só será de aplicación a aqueles cuxa falta prolongada fose por causas xustificadas debidamente acreditadas no momento no que se produciron ou foron notificados . No caso de existiren máis solicitudes de repetición cá prazas vacantes, estas asignaranse por sorteo. Non está permitida a repetición individual de curso en ningún outro suposto.

## ***7. Calendario escolar***

---

Comezo do curso: 26 de Setembro de 2011.

Remate do curso: 15 de Xuño de 2012.

O calendario de días non lectivos será o que indique o Servizo Municipal de Educación para as escolas municipais de música e artes escénicas. Farase público en Setembro de 2011.

# Anexo I. Horarios lectivos

LUNS								
	AULA 1	AULA 2	AULA 3	AULA 4	AULA 5	AULA 6A	AULA 7	AULA 8
16-17								
17-18			Gaita 1 A	Percusión 1 A	Canto 1 A	Requinta 1 A		Violín Folk 1 A
18-19	Arpa 1 A	Zanfona 1 A	Gaita 1 C	Percusión 1 C	Canto 1 C	Corda Puls 1	Acordeón 1 A	Violín Folk 1 C
19-20	Arpa 2 A	Zanfona 2 A	Gaita 2 A	Percusión 2 A	Canto 2 A	Requinta 2 A	Acordeón 2 A	Violín Folk 2 A
20-21	Conxunto 2	Conxunto 2	Conxunto 2	Conxunto 2	Conxunto 2	Conxunto 2	Conxunto 2	Conxunto 2
21-22	Arpa 2 B	Aula Aberta Zanfona	Gaita 2 B	Percusión 2 B	Canto 2 B	Requinta 2 B	Acordeón 2 B	Violín Folk 2 B

MARTES									
	AULA 1	AULA 2	AULA 3	AULA 4	AULA 5	AULA 6A	AULA 6B	AULA 7	AULA 8
16-17		Zanfona 1 P	Gaita 1 P	Percusión 1 P	Canto 1 P	Requinta 1 P		Acordeón 1 P	Violín Folk 1 P
17-18		Zanfona 3 A	Gaita 2 P	Percusión 2 P	Canto 2 P	Requinta 3 B	LM 1*	Acordeón 2 P	Violín Folk 3
18-19	Arpa 1 P	Zanfona 2 P	Gaita 3 P	Percusión 3 P	Canto 3 P	Requinta 3 P	Conxunto 3	Acordeón 3 P	
19-20	Arpa 2 P	Zanfona 3 B	Gaita 3	Percusión 3	Canto 3	Requinta 3 A	Conxunto 3 P	Acordeón 3	Violín Folk 1 B
20-21	Arpa 3	Zanfona 3 P	Gaita 1 B	Percusión 1 B	Grupo Pandereteiras	Aula Aberta Frautas			Violín Folk 3 P
21-22		E-Learning							

MÉRCORES								
	AULA 1	AULA 2	AULA 3	AULA 4	AULA 5	AULA 6A	AULA 7	AULA 8
16-17	Arpa 4	Zanfona 4	Gaita 4	Perc 4	Canto 4	Requinta 4		
17-18	Arpa 5	Zanfona 5	Percusión	Agr. Corda Frotada	Org. Xeral *	Requinta 5	Obradoiro Percu Folk	LM 2*
18-19		An. e Har. *	Etnomus *	Banda de gaitas	Trad e Ciclo A*	Violin Folk 2P	Obradoiro Percu Folk	
19-20	Aula Aberta Arpa	Sonor. E Grav.*	Prop. Int. *	Banda de gaitas	Polifon.*	Ritmos e xén 1 *		Hª Mús. Galega
20-21	Instr. Acomp. 1 arpa		Ritmos e xén 2	Conxunto 4	Danza 2	Instr. Acomp 1 guit		Hª Xeral da Música
21-22		Inform.* Musical		Conxunto 5	Danza 1		Industria Musical	

Instr. Acomp\*: Instrumento Acompañante. Org. Xeral \*: Organoloxía Xeral. LM 2 \*: Linguaxe Musical 2. Etnomus. \*: Etnomusicoloxía. Trad e Ciclo A\*: Tradición e Ciclo Anual. An. e Har. \*: Análise e Harmonía. Sonor. E Grav. \*: Sonorización e Gravación. Prop. Int. \*. Propiedade Intelectual. Polifon. \*: Polifonía. Ritmos e xén \*: Ritmos e xéneros. Inform.\* Musical : Informática Musical.

XOVES							
	AULA 1	AULA 2	AULA 3	AULA 4	AULA 5	AULA 6A	AULA 8
16-17		2º Instr. *1 Zanfona	2º Instr. 1 Gaita	2º Instr. 1 Canto		Corda Pulsada 2	
17-18	Arpa 5	2º Instr. 2 Zanfona	2º Instr. 2 Gaita	2º Instr. 2 Canto	Canto 5	Corda Pulsada 3	
18-19	Práctica orquestral	Práctica orquestral	Práctica orquestral	Práctica orquestral	Práctica orquestral	Práctica orquestral	Práctica orquestral
19-20	Práctica orquestral	Práctica orquestral	Práctica orquestral	Práctica orquestral	Práctica orquestral	Práctica orquestral	Práctica orquestral
20-21	Práctica orquestral	Práctica orquestral	Práctica orquestral	Práctica orquestral	Práctica orquestral	Práctica orquestral	Práctica orquestral
21-22							

2º Instr. \*: 2º Instrumento.

VENRES					
	AULA 1	AULA 2	AULA 3	AULA 4	AULA 5
16-17					
17-18					ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES
18-19					ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES
19-20				CORO	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES



20-21				CORO	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES
21-22					

## Anexo II. Convocatoria de prazas

### PROGRAMAS DE FORMACIÓN

ESPECIALIDADE	Prazas IT. BÁSICO	Prazas IT. PROFESIONAL
Acordeón diatónico	6	3
Arpa céltica	7	3
Canto Popular	30	3
Corda Pulsada	6	3
Gaita	21	3
Percusión	36	3
Requinta	7	3
Violín Folk	21	3
Zanfona	6	3
<b>total</b>	<b>140</b>	<b>27</b>

### AGRUPACIÓNS EN AULA ABERTA

Conxunto Instrumental	Convocatoria Outubro 2011
Aula Aberta de Zanfona	Convocatoria Outubro 2011
Aula Aberta de Requinta	Convocatoria Outubro 2011
Aula Aberta de Arpa	Convocatoria Outubro 2011
Banda de Gaitas	Convocatoria Outubro 2011
Coro	Convocatoria Outubro 2011
Grupo Pandereteiras	Convocatoria Outubro 2011
Conxunto Corda Frotada	Convocatoria Outubro 2011